

Banda Deseñada

NOVIDADES ABRIL 2007

Biblioteca Pública da Coruña “Miguel González Garcés”

Relación de novidades en banda deseñada recibidas na biblioteca no mes de abril. Todas estas novidades poden atoparse na Sala de empréstimo de adultos, no primeiro andar da Biblioteca. Inclúense as súas signaturas



“La ultima partida ” de Didier Comès.



Didier Comès volve cunha obra na que conflúen as dúas características máis notables do seu estilo: a narración de historias entroncadas co realismo máxico, e o maxistral uso dos negros para retratala.

Está a piques de xogarse unha partida que resolverá o conflito bélico máis importante do século XX. Un soldado novato, unha caveira torta pantasma de si mesma, un soldado prusiano, e un mestre de escola que se cre Xesucristo. O premio: a liberdade dunha nación ou vivir toda a eternidade. **Signatura: COM COM ult**

“El escorpion ”de Marini , Desberg.

O destino puxo a súa marca. Despois de que destrúisen, ante os seus ollos, a cruz de San Pedro, O Escorpión e os seus amigos deciden volver a Roma. Trebaldi controla a cidade a través do terror, pero un segredo escóndese tralo Papa e a marca do escorpión.


.**Signatura: COM DES esc 7**



“ ¿Cuatro ?” de Enki Bilal.

Con ¿Cuatro? chegamos ao derradeiro número da tetraloxía iniciada con El sueño del monstruo , e continuada en 32 de diciembre e Cita en París . Narra a historia de Nike, Leyla y Amir, orfos de Saraxevo...

Signatura: COM BIL cua




“ Bouncer ” de Jodorowsky , Boucq.

O xenio combinado de Alejandro Jodorowsky e François Boucq ofrécenos a última entrega de Bouncer, un western que mestura misticismo e violencia para presentar os grandes escenarios do oeste americano desde un novo punto de vista. Neste volume nárrase a terrible orixe do manco Bouncer, e a súa relación co destino dos habitantes de Barro-City ..**Signatura: COM JOD bou**

“Luuna, nº 1. Tras las huellas de oh-mah-mah” de Crisse e Kéramidas.

Colaboración entre Crisse (Atalanta, La espada de cristal) e Keramidas, este último formado nos estudos de Disney-Paris, influxo que se observa nas ilustracións aínda que cuns tons máis escuros que os da factoría. Continúan as aventuras de luuna e os seus totems. **Signat: COM CRI luu 3**



“Sleeper 4. El largo camino a casa” de Brubaker e Phillips.

Conclúe a serie de Ed Brubaker (CATWOMAN, X-MEN: GÉNESIS MORTAL) e Sexan Phillips (WILDCATS, GOTHAM NOIR) que aborda os baixos fondos do universo Wildstorm en clave de xénero negro.

Os plans de Lynch e Tao van encaixando nos intereses de Holden, quen debe conseguir que estes dous mestres da manipulación fagan o que quere para fuxir e voltar a casa... aínda que é difícil cando non tes un sitio ao




que volver. **Signatura: COM BRU sle 4**

“Una resaca de cuidado ” de Tardi e Malet.

Tratando de afogar as penas en alcohol, Néstor Burma pasou a noite nun tugurio de mala morte dun barrio das aforas. Non recorda todo o que pasou. Pero a sorpresa chega cando á mañá seguinte o seu amigo Covet lévalle ao mesmo sitio para investigar un asasinato, e máis aínda cando lle converten no principal sospeitoso.

Signatura: COM MAL res



“ Top 10 ”de Moore, Ha, Canon.

Achegámonos o Distrito 10, a zona máis chunga de Neópolis. Alí pódeste atopar os casos máis extraordinarios na cidade máis sorprendente, cos criminais máis alucinantes e os axentes menos convencionais.

Signatura: COM MOO top

“Forgotten”, de Cris Ortega.

Forgotten é unha colección de relatos ilustrados que conteñen romanticismo, ambientes góticos, terror e moito sentimento. En concreto trátase de 4 historias, moi diferentes entre si, para as que a autora realizou tanto as ilustracións como o texto. **Signatura: COM ORT for**



“El anillo de los 7 mundos 3. Los piratas de Heliópolis”, de Gualdoni e Klima.

Terceira entrega de *El anillo de los 7 mundos*, unha serie que combina fantasía e ficción. O guión corre a cargo de Giovanni Gualdoni e Gabrielle Klima. A historia entretén desde a primeira páxina. O debuxo fresco e ameno é de Matteo Piana.



Neste novo volume, Timo e Luce fuxen da cidade de Borea, grazas ao señor Piropa, pero a Corporación de Mercadores do Aire non é moi

apreciada entre o Gremio dos Deconstructores, e iso non lles vai a poñer as cousas nada doadas. **Signatura: COM GUA pir**

“Thorgal 29. El sacrificio” de Rosinski e Van Hamme.

A saga de aventuras máis exitosa e lonxeva da historieta mundial resístese a morrer, e unha vez máis os incombustibles Rosinski e Van Hamme (que será substituído no próximo álbum por Yves Sentes) volven traernos unha nova aventura, a 29ª. A medio camiño entre a crónica histórica, a ciencia ficción e a fantasía, é unha obra irrepitible e indispensable na historia do cómic recente.

Signatura: COM ROS tho



“Lunas de papel”, de Fermín Solís.

Lunas de papel é a súa primeira obra a tamaño europeo. Trátase dunha historia longa, onde podemos apreciar a súa capacidade de profundizar nos personaxes.

Signatura: COM SOL lun

“Hypocrite. Como descodificar el atircopih”, de Jean Claude Forest .

Un clásico do cómic pop, Hypocrite é bela, descarada e todo menos o seu nome. Publicada orixinalmente nas páxinas de France Soir e Pilote, esta serie é un delirio de cor que nos remite a tempos máis felices, con todo o talento do creador de Barbarella. **Signatura: COM FOR hyp**





“La cosa nostra”, de Chauvel, Lle Saëc .

Esta é a historia da Mafia, Cosa Nostra, Camorra, Organización, Sindicato... chámenla como queiran. Tamén é a historia dos homes que a construíron: Rothstein, Luciano, Lanzky, Costello... Para rematar é, sobre todo, a historia da súa cidade: Nova York.

O presente volume inclúe nun só as cinco partes da primeira época desta serie. A historia arrinca no East Side de Nova York a finais de 1909 cando un raparigo presenza como un artesano é extorsionado pola Mafia e debe pagarlles 1.000 dólares. E remata no outono de 1919 nas portas dunha nova era na que a Lei Seca atópase a piques de ser aprobada e, mentres, Bugsy Siegel e Al Capone sementan o terror en Nova York, antes de que este se traslade a Chicago, en 1921, para converterse no rei desta cidade...**Signatura: COM CHA cos**


OUTROS COMICS QUE SE PODEN ATOPAR NA SALA INFANTIL :

“Bone1. Lejos de boneville.” de Smith .

En xullo de 1991 Jeff Smith creou unha empresa chamada Cartoon Books para publicar un comic book en branco e negro, BONE, unha serie de humor sobre as aventuras de tres curmáns nun mundo de fantasía. En realidade cada número de BONE era un novo capítulo dunha saga que alcanzaría as 1300 páxinas. Quince anos despois a serie traducíuse a quince linguas e vendeu varios millóns de exemplares dos seus libros. En 2005, Scholastic, a maior editorial do mundo de libros infantís, comezou a edición a todo cor de BONE. **Signatura: COM SMI bon 1**



“Naruto ”, de : Masashi Kishimoto.



Seguen os combates entre ninjas, mentres o noso heroe continúa coa súa formación e aprende a manter o control sobre os incríbeis poderes que leva dentro. **Signatura: COM KIS nar**

“Castle Waiting ”, de Linda Medley.

É a historia dun castelo abandonado que se atopa nun reino moi afastado onde habitan diversos personaxes : unha princesa durmida, un príncipe besucón, un anano saltarín, un neno endemoñado, unha bruxa calva, un mordomo cegoña... Un divertido conto de fadas diferente que entreterá a lectores de toda as idades. **Signatura: COM MED cas 1**

